

## Propostas para actuar fronte ao Covid-19 dende o concello

### Medidas de información e comunicación

- Crear un **apartado no web municipal "CORONAVIRUS"** no que se informe de todas as novas, medidas e recomendacións relativas ao coronavirus.
- **Informar á corporación para unirnos** en todas as medidas que se tomen e aportar todas as melloras que se poida.
- Actualizar e **difundir por todos os medios do Concello a información** coas recomendacións, teléfonos de contacto, resolucións da comisión, información sanitaria, etc.

### Medidas con voluntariado

- Creación dun **registro de voluntarios e voluntarias con perfís persoais e profesionais que poidan ser útiles neste momento** (psicólogos, traballadores e traballadoras sociais, estudantes ou profesionais de ramas sanitarias, etc.) para funcións como atención psicolóxica, loxística na atención sanitaria, acompañamento telefónico e dixital ou calquera medida abalada polas autoridades sanitarias que poida ser de utilidade para a veciñanza.
- Posta en marcha dun programa de **acompañamento telefónico ás persoas da terceira idade** e a aquelas que son máis vulnerables, para evitar os efectos do illamento, coñecer de primeira man o seu estado e poder facer seguimentos diarios.
- Creación **dun registro de ofertas voluntarias e demandas de bens e subministros** que poidan ser de utilidade neses momentos.

### Medidas Sociais

- Implementar **axudas de emerxencia ás familias para afrontar as necesidades dos e das menores, familias desfavorecidas** e afectadas polo impacto da situación socioeconómica do coronavirus.
- **Reforzo e ampliación de atención telefónica de urxencias sociais** para atender as necesidades da poboación máis vulnerable
- **Atención ás persoas sen fogar**, adoptando as medidas necesarias para que se garanta o seu dereito á saúde.
- Esixir da Xunta de Galiza a **atención ás residencias de persoas maiores, menores ou dependentes**, que garantan a saúde das persoas residentes e dos traballadores e traballadoras.
- Coordinar coas outras administracións un **protocolo de atención e seguimento a vítimas de violencia machista**.

## Medidas do Servizo de Limpeza

- Reforzar a **desinfección e fumigación dos espazos públicos**, especialmente aqueles de maior concentración de persoas e nos días de maior tránsito de veciños e veciñas: centros de saúde, supermercados, farmacias.....
- **Recollida de lixo porta a porta** se hai posibilidade, baixo petición de persoas vulnerables.
- **Protocolo de recollida de lixo a domicilio para posíbeis doentes positivos por coronavirus.**

## Medidas para o Persoal e servizos de titularidade municipal

- Dotar de **equipas de protección individual a todas as persoas que desenvolvan labores en contacto co público**. Asegurar o cumprimento dos protocolos de prevención en todos os servizos de titularidade municipal.
- Impulso do **teletraballo** e da atención telefónica e/ou telemática, reducindo a atención presencial ao imprescindible.
- Asegurar o **mantemento do emprego nos servizos de titularidade municipal** (evitar a suspensión de contratos que impliquen a destrución de emprego).

## Medidas fiscais

- Facer un plan de **aprazamento, fraccionamento ou condonación, (ata onde a lexislación permita) dos impostos, recibos e taxas** en función das situacións concretas de cada persoa ou empresa. Seguindo estes criterios para o aprazamento da taxa de recollida de lixo comercial ás actividades pechadas, así como de todos aqueles impostos municipais pendentes de pasar a cobro.
- Iniciar o estudo para a posta en marcha, pasado o período de emerxencia sanitaria, dun **Plan de reactivación económica** naquelas cuestións de competencia municipal (dinamización do comercio local, fortalecemento dos servizos, incremento do investimento –vencellado a aquelas actuacións con maior impacto na xeración de riqueza e emprego-, etc. (As medidas a adoptar deben complementar ás doutras administracións).
- Estudar as demandas para **flexibilizar o pagamento de alugueiros e concesións municipais aos diferentes axentes** (praza de abastos, etc.) así como a posibilidade de elaborar **axudas económicas directas a persoas afectadas e necesitadas**.
- Demandar a eliminación urxente da regra de gasto, a obrigatoriedade de realizar plan económico financeiro, os obxectivos de déficit e os límites de endebedamento dos Concellos, xa que restrinxen a capacidade de investimento, de reforzamento dos servizos municipais e de contratación de persoal por parte das institucións locais, limitando enormemente a súa capacidade de resposta á crise.
- **Reforzar as Axudas de Emerxencia Social** para evitar situacións de exclusión.